



Nota informativa sobre a Vacinación dos Adultos coa Vacina Tripla Vírica

Non existe ningunha situación de alarma que obrigue a vacinación inmediata dos adultos.

Segundo os datos da enquisa de seroprevalencia realizada no 2013, o 98,3 % da poboación galega de 18 a 64 anos mostraba niveis de anticorpos protectores fronte ao sarampelo.

Pero é certo que existen adultos susceptibles e por elo no Calendario de Vacinación do Adulto posto en marcha en 2017 se recomendaba a vacinación dos nados a partir de 1968 que non tiveran pasada algunha das enfermidades contra as que inmuniza a vacina ou non tiveran acreditada a vacinación.

Como estratexia para conseguilo formulábase aproveitar os contactos da poboación cos servizos asistenciais para revisar o estado de vacinación previo e en caso necesario vacinar, estratexia na que hai que insistir.

E se un usuario adulto, de motu propio solicita a vacinación, avaliarase a súa posible susceptibilidade, e de confirmarse vacinarase con pauta completa (2 doses) excepto que recibira previamente unha dose, e nese caso poñeríase a segunda.

Criterios de susceptibilidade:

Considerarase susceptible se non pasou algunha das tres enfermidades ou non recibiu dúas doses de tripla vírica con máis de 12 meses.

